

“GALEGO PODE SELO
CALQUERA”



g. Aribas
fotografia

"GALEGO PODE SELO CALQUERA..."

Un show de Alberte Montes

Sinopse

Ser galego é doado? Depende.

Os galegos temos un xeito de ser característico e diferenciado doutros pobos e culturas que nos rodean. Historicamente teñen empregado os tópicos para ridiculizarnos e mofarse de nós, feito que explicaría en parte que arrastremos algo de autoxenreira. Eses tempos foron pasando e agora xa somos quen de defendernos con orgullo dese estigma combatendo aos ignorantes, ríndonos dos propios defectos e chufando das nosas diferenzas.

Ata non hai moito pensábase que a baixa autoestima dos galegos era crónica pero Alberte Montes demostraranos dende o humor que non é así. Este mal ten cura e poderedes comprobalo. Ser galego non é só pararse na escaleira e facer crer á xente que non sabemos se subimos ou baixamos, para ser galego hai que reunir moitas máis aptitudes.

Duración

90 m

Necesidades técnicas

Equipo de luz e son básico.

Tarima ou escenario duns 4 metros cadrados aprox.

Guión

© Xosé Manuel Fernández & Alberte Montes

ALBERTE MONTES

Alberte é actor, guionista, director, locutor... e di a súa nai que non fai nada.

Formouse como actor no Estudi Nancy Tuñón i Jordi Oliver de Barcelona ao mesmo tempo que ampliaba os seus recursos actorais en distintos cursos de expresión corporal, voz, clown ou loita escénica.

A súa xuventude non é atranco algún para que atesoure xa unha dilatada experiencia en teatro profesional, infantil e de rúa. Traballou en compañías como Furafollas ou Teatre Obligatori e a nivel individual representou varios espectáculos en varios teatros de Barcelona (Teatreneu, Teatre Llantiol...).

No terreo audiovisual participou nunha ducia de curtametraxes, algunha delas premiada a nivel nacional ("2OS") e recentemente na longametraxe **REC (4)** e **EL OLIVO** de Iciar Bollaín. Ten colaborado tamén en programas televisivos da produtora **El Terrat** como "Salvados", "Buenas noches y Buenafuente" ou "En el Aire" e noutros da **TVG** (Televisión de Galicia).

Ten feito algúns spots publicitarios como o da coñecida aplicación "**Catarrator**" para a marca Frenadol ou "**Cero Comisiones**" para a entidade ABANCA. Leva uns 8 anos como monologuista por salas de toda España e acaba de estrear o seu 2º monólogo en [Comedy Central](#).



HERMANAGER PRODUCCIONES

Tel. 657014555 (Xosé Manuel Fernández)

hermanagerproducciones@gmail.com

xosemanuel@hermanagerproducciones.com